



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



TECNY SYSTEM BROKER

CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



Comunicado nº 250/15  
7 de decembro de 2015

## ❑ SEGURO DE REPATRIACIÓN DE DEPORTISTAS.

A “Federación Galega de Automobilismo”, e a Correduría de Seguros Tecny System Brooker (AIG Europe Limited), asinan póliza de seguro de repatriación para deportistas, con contratación de índole voluntario a un **prezo de 80 €uros/tempada.**

As condicións de aseguramento son as seguintes:

A) Traslado do asegurado polo medio máis adecuado ao centro hospitalario idóneo en España ou o seu domicilio particular, por accidente ou enfermidade sobrevenida (límite 25.000 €uros por sinistro). A decisión do traslado ou repatriación en toda a Comunidade Económica Europea sempre será por prescripción e decisión médica.

B) Regreso anticipado do asegurado a causa do finamento do cónxuxe, ascendente ou descendente de primeiro grao ou irmán/á do asegurado.

C) Billete de ida e volta para un familiar, gastos de hotel cando o asegurado se atope hospitalizado, e a súa internación previa da duración sexa superior a cinco días.

D) Transporte e repatriación de finados e dun familiar do asegurado.

E) As coberturas prestaranse na Comunidade Económica Europea automaticamente, e para o resto de países estudíaranse e se ofertará, previa solicitude, caso a caso individualmente, no suposto de que existise a necesidade.

F) Optouse por limitalo capital a 25.000 €uros, por sinistro, para cubrila cobertura do traslado do asegurado polo medio máis adecuado; cuantía máis que suficiente pois o servizo dun traslado na Comunidade Económica Europea (ambulancia aérea) ten un custo que oscila entre 10.000 e 12.000 €uros, o que redundará en beneficio dos asegurados ó aplicarlle unha prima realmente competitiva.

G) Iste seguro é de **contratación voluntaria**, non é de suscripción obrigatoria, sobre todo para os que saian a competir ao estranxeiro pero si é moi recomendable para tódolos deportistas que participan en calquera Campionato e lugar.

H) Calquera consulta poderase facer ao gabinete de seguros da “Federación Galega de Automobilismo”.

Gabinete de Seguros  
“Federación Galega de Automobilismo”